# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
# CURSO 2021/2022

CENTRO: IES MONTERROSO
CURSO: 2021-2022
MATERIA: LINGUA E LITERATURA GALEGAS
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 12 DE ABRIL DE 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

| | |
|---|---|
| **1º avaliación** | **Cálculo da nota da 1º avaliación** farase da seguinte maneira:<br><br>-Un 70% da nota correspóndese coa nota media das probas escritas. Non se calculará a media cunha nota inferior a 3 e terase en conta a corrección ortográfica e gramatical podendo descontar ata un máximo de 2 puntos en cada proba.<br>-Un 10% resérvase para a proba do libro de lectura e a produción de textos escritos.<br>-Un 10% correspóndese coas observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase.<br>-As probas orais cuantificaranse con outro 10%. |
| | **Procedemento de recuperación da 1º avaliación:**<br><br>Aplicamos o que se recolle sobre a avaliación e  a promoción no artigo 5, punto 4 do Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro:<br>-"No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha<br>alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo".<br>Para isto establécese un plan personalizado de reforzo e unha proba escrita para avaliar os contidos da primeira avaliación non superados. |
| **2º avaliación** | **O cálculo da nota da 2º avaliación** farase da seguinte maneira:<br><br>-Un 70% da nota correspóndese coa nota media das probas escritas. Non se calculará a media cunha nota inferior a 3 e terase en conta a corrección ortográfica e gramatical podendo descontar ata un máximo de 2 puntos en cada proba.<br>-Un 10% resérvase para a proba do libro de lectura e a produción de textos escritos.<br>-Un 10% correspóndese coas observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase.<br>-As probas orais cuantificaranse con outro 10%. |
| | **Procedemento de recuperación da 2º avaliación:**<br><br>Ao se tratar dunha materia de avaliación continua e para garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, vaise establecer un plan de recuperación e reforzo  procurando unha adaptación o máis personalizada posible ás circunstancias de cada alumna e alumno, que ademais realizará unha proba escrita para avaliar os contidos non superados na segunda avaliación. |

| | |
|---|---|
| **3º Avaliación** | **O cálculo da nota da 3º avaliación** farase da seguinte maneira:<br><br>-Un 70% da nota correspóndese coa nota media das probas escritas. Non se calculará a media cunha nota inferior a 3 e terase en conta a corrección ortográfica e gramatical podendo descontar ata un máximo de 2 puntos en cada proba.<br>-Un 10% resérvase para a proba do libro de lectura e a produción de textos escritos.<br>-Un 10% correspóndese coas observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase.<br>-As probas orais cuantificaranse con outro 10%. |
| | **Procedemento de recuperación da 3º avaliación:**<br>Ao se tratar dunha materia de avaliación continua e para garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, vaise establecer o seguinte plan de actuación de cara ao que resta de curso procurando unha adaptación o máis personalizada posible ás circunstancias de cada alumna e alumno.<br>Para isto establécese o seguinte sistema de organización da materia:<br><br>-1º.- Alumnado cos 2 trimestres aprobados:<br>Plan personalizado de reforzo, proba escrita para avaliar os contidos da terceira avaliación e actividades e tarefas para traballar as competencias que se realizarán no período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño.<br><br>-2º.- Alumnado con 1 ou 2 trimestres suspensos:<br>Plan personalizado de reforzo (que se desenvolverá ao longo de abril, maio e xuño para facilitar esa adquisición das aprendizaxes imprescindibles), con actividades de repaso, proba escrita para recuperación dos estándares estudados ó longo do curso e actividades para traballar as competencias que se realizarán no período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño. |
| **Cualificación final** | **Cálculo para obter a cualificación final de curso:**<br><br>**Non haberá avaliación extraordinaria de setembro** co cal para obter a cualificación final calcularase a media das notas das tres avaliacións. Para o alumnado que realizou algunha proba de recuperación, a cualificación desta será a que se teña en conta para calcular a nota final.<br>As actividades realizadas no período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño poderán valorarse cun máximo de 1 punto que poderá sumarse á nota final. |
| **Proba extraordinaria para BAC** | **Consistente en:**<br><br>Unha proba escrita na que o alumnado non avaliado positivamente se examinará de toda a materia. As preguntas estarán relacionadas con diferentes apartados do currículo: Literatura, gramática, comentario de textos, elaboración de diferentes tipos de textos, fonética, léxico, historia da lingua, sociolingüística. Para aprobar, o alumno terá que acadar como mínimo un 5.<br>En todas as probas escritas terase en conta a corrección e ortográfica descontando ata un máximo de dous puntos. |
| **Alumnado** | **Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:** |

| | |
|---|---|
| **de materia pendente** | Calcularase a media das notas das probas escritas e tamén se terán en conta as actividades de repaso que se lle foron proporcionando ó alumnado ó longo do curso. Estas actividades poden valorarse cunha nota máxima de 1,5 puntos que se sumará á nota da proba escrita, sempre que esta sexa superior a tres.<br>Ó alumno de PMAR coa materia pendente poderá aprobala automaticamente se supera a materia do curso actual. |
| | **Procedementos e instrumentos de avaliación:**<br><br>Boletíns de actividades e probas escritas. |

| **2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)** | |
|---|---|
| **Metodoloxía** | -Traballo individual e en grupo.<br>- Proxectos colaborativos co obxectivo de desenvolver un produto final. |
| **Actividades tipo** | -Actividades de repaso e de recuperación.<br>-Actividades de carácter lúdico para reforzar a materia dada durante o curso, especialmente a ortografía, a gramática, a cohesión e a coherencia.<br>-Actividades de comprensión e de expresión oral e escrita para o desenvolvemento da competencia lingüística.<br>-Elaboración de traballos de investigación.<br>-Exposicións orais e presentacións para repasar contidos literarios.<br>-Lectura, interpretación e valoración de textos literarios.<br>-Colaboracións con apps en galego relacionadas coa etnografía, a literatura e en xeral co fomento da cultura galega.<br>-Visionado de películas, documentais, etc. |
| **Materiais e recursos** | Edixgal, aula virtual, diferentes páxinas web, dicionarios en liña, libros de lectura, fotocopias, revistas e xornais dixitais, películas. |
| **2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)** | |

| | |
|---|---|
| **Metodoloxía** | -Traballo individual e en grupo para reforzar e ampliar os contidos aprendidos e recuperar a materia non superada. |
| **Actividades tipo** | -Actividades de apoio e recuperación para o alumnado que non superou a materia.<br>-Lectura, interpretación e valoración de textos literarios.<br>-Exposicións orais sobre temas de literatura vistos durante o curso.<br>-Elaboración de traballos de investigación.<br><br>-Visionado de películas, curtametraxes e obras de teatro.<br>-Colaboracións con apps en galego relacionadas coa etnografía, a literatura,etc. |
| **Materiais e recursos** | Libro de texto, contidos da aula virtual, libros de lectura, fotocopias, películas, revistas e xornais dixitais, diferentes páxinas web, e outros recursos de internet. |

## 2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC

**(Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)**

| | |
|---|---|
| **Metodoloxía** | -Traballo individual e en grupo para reforzar e ampliar os contidos aprendidos e recuperar a materia non superada. |
| **Actividades tipo** | -Actividades de apoio e recuperación para o alumnado que non superou a materia.<br>-Actividades de preparación para as probas da ABAU.<br>-Lectura, interpretación e valoración de textos de carácter xornalístico, científico ou literario.<br>-Exposicións orais sobre temas de literatura vistos durante o curso.<br>-Comentarios de texto. |
| **Materiais e recursos** | Libro de texto, contidos da aula virtual, libros de lectura, fotocopias, películas, revistas e xornais dixitais, diferentes páxinas web e outros recursos de internet. |